


*Presentación*





*Como de costume, ano a ano coa chegada do verán, o Concello presenta un conxunto de actividades que pretende satisfacer as necesidades de lecer da poboación nesta época.*

*Queremos que todos e todas as lucenses atopen na cidade alternativas de ocio coas que gozar, sen necesidade de saír de Lugo, ao tempo que desenvolven as súas relacións interpersoais.*

*Confeccionamos unha programación dirixida especialmente aos máis cativos da cidade, co fin de axudar aos pais e nais a conciliar a vida familiar e laboral.*

*Queremos que os nosos nenos e nenas gocen do seu tempo de lecer nos meses de verán cun conxunto de actividades divertidas ao tempo que formativas e deportivas.*


*Non esquecemos as persoas maiores, e incluímos actividades que ano tras ano foron demandadas por un bo número de lucenses.*

*Desexamos que todos e todas gocen coa programación elaborada polo Concello para estes meses.*

*Un saúdo e feliz verán.*

*José López Orozco  
Alcalde de Lugo*

*Saúdo  
Alcalde de Lugo*



#### PERSONAS DESTINATARIAS:

As actividades diríxense a todas as persoas debidamente empadroadas no noso concello, se ben algunhas están pensadas especialmente para determinados colectivos. Resérvase un máximo dun 40% das prazas para persoas con diversidade funcional e outros colectivos de usuarias e usuarios dos servizos sociais de atención primaria, tras a derivación da profesional da Área de Benestar Social e Igualdade que corresponda.

#### PRAZO DE INSCRIPCIÓN:

Do 21 ao 25 de xuño de 2010, das 09:00 ás 13:00 horas, e das 17:00 ás 19:00 horas.

Unha vez realizada a inscrición, entregaráselles ás persoas interesadas (ou no caso de menores, ás nais, pais, titoras ou titores) un resguardo para aboar o prezo da actividade.

#### TRAMITACIÓN:

As solicitudes presentaranse nos centros onde se realizan as actividades, cubrindo o boletín de inscrición que se facilitará para estes efectos.

No caso das “Aulas Abertas”, indicárase o período ao que se refire a solicitude (por quincenas ou para o mes de setembro).

Os boletíns cubriranse coa presentación do DNI/NIF/PASAPORTE ou PERMISO DE CONDUCIR (orixinal ou fotocopia compulsada) da persoa solicitante ou representante legal no caso de menores.

A inscrición de persoas adultas ou menores que non estean debidamente empadroadas no Concello de Lugo dará lugar, tras a comprobación correspondente, á baixa inmediata na actividade/s nas que se inscribiran, e sen devolución da cota, se é o caso, aboada.

As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición.

O xustificante de pagamento presentárase no centro o mesmo día ou o día hábil seguinte ao da inscrición, feito que dá por finalizada esta.

A falta de presentación do xustificante de pago implica a baixa no proceso de solicitude de praza. Do mesmo xeito, aquelas persoas inscritas que vaian causar baixa terán a obriga de comunicalo antes do comezo do obradoiro correspondente.

Cada persoa solicitante só poderá anotarse a si mesma e a outra persoa a maiores.

### ASISTENCIA

Aquelas persoas que acumulen 2 faltas de asistencia sen xustificar causarán baixa na actividade.

**NON SE REINTEGRARÁ O IMPORTE DA COTA DE INSCRICIÓN, AGÁS NO SUPOSTO DE QUE A ACTIVIDADE SE SUSPENDA POR INICIATIVA DO CONCELLO. RECORDÁMOSLLES, POLO TANTO, QUE COMPROBEN SE A SÚA ACTIVIDADE TEN OU NON COTA.**

**O CONCELLO RESÉRVASE O DEREITO DE SUPRIMIR AS ACTIVIDADES SE NON SE ACADA UN NÚMERO MÍNIMO DE SOLICITUDES, OU AGRUPAR DOUS OBRADOIROS NUN, SE O NÚMERO DE ASISTENTES NON É O SUFICIENTE EN CADA UN DELES.**

**AS PERSOAS PARTICIPANTES EN CALQUERA DAS ACTIVIDADES DESTA PROGRAMACIÓN RESPONSABILÍZANSE DE SELECCIONAR AQUELAS ACORDES COAS SÚAS CAPACIDADES PSICOFÍSICAS. EN CASO CONTRARIO, E DE PRODUCIRSE CALQUERA TIPO DE DANO, SERÁ BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE.**

As persoas menores de idade que asistan a actividades nos centros estarán baixo a responsabilidade exclusiva das súas nais, pais, titoras ou titores, responsables de transmitirles as normas de funcionamento daquel, e de achegalas e recollelas á hora de comezo e de remate da actividade de que se trate.




# AULAS ABERTAS

Espazo dedicado ás nenas e nenos, no que poden participar en actividades diversas: traballos manuais, saídas ao exterior, xogos, etc.

Haberá “Aulas Abertas” nos centros da MILAGROSA, LAMAS DE PRADO\* (VER NOTA), FINGOI, UXÍO NOVONEYRA E SAGRADO CORAZÓN, coas características seguintes:

XULLO	AGOSTO	SETEMBRO
Primeira quincena de xullo: do 01 ao 15, de luns a venres (11 días)	Primeira quincena de agosto: do 02 ao 13, de luns a venres (10 días)	Setembro: do 01 ao 10, de luns a venres (8 días)
Segunda quincena de xullo: do 16 ao 31, de luns a venres (11 días)	Segunda quincena de agosto: do 16 ao 31, de luns a venres (12 días)	



**Horario: das 09:00 ás 14:00 horas**

**AGÁS NO CENTRO DA MILAGROSA, NO QUE HABERÁ, ADEMAIS DOS GRUPOS DE MAÑÁ, OUTRO GRUPO DE TARDE EN CADA UNHA DAS QUINCENAS DO MES DE XULLO, EN HORARIO DAS 16:30 ÁS 20:00 HORAS.**

**Para nenas e nenos de 4 a 7 anos e de 8 a 12 anos**

## **Cota: 1 euro/día**

*(2 euros no Centro da Milagrosa no caso das nenas e nenos que acudan en horario de mañá e tarde durante o mes de xullo).*

## **Prazas: 20 por cada grupo e quenda**

\***ATENCIÓN:** no centro de Lamas de Prado haberá un único grupo de Aulas Abertas no mes de XULLO dirixido a nenas e nenos de 4 a 12 anos, cun total de 20 prazas e horario: das 09:00 ás 14:00 horas.

Así mesmo, **os mércores do mes de xullo**, as nenas e nenos levaranse e recolleranse nos horarios das “Aulas Abertas” na CASA DO DEPORTE, sita na avda. Infanta Elena, onde gozarán de actividades deportivas variadas. En concreto, serán:

- Os días 7 e 21 de XULLO, os grupos de nenas e nenos de 4 a 7 anos.
- Os días 14 e 28 de XULLO, os grupos de nenas e nenos de 8 a 12 anos.

No Centro de Fingoi e baixo o título "*Achégate á biblioteca*" poderán gozar de diversas actividades como Pintura de mandalas, Lecturas compartidas e o concurso Búscase mascota. Todas están pensadas desde e na Axencia de Lectura do centro e serán os venres.

As nenas e nenos nas “Aulas Abertas” participantes poden traer bocadillo e/ou froita para a media mañá.

Todas as nenas e nenos que asistan ás “Aulas Abertas” contarán co carné “Amiga/o do Verán na Muralla”, e participarán no Certame de Deseño que terá como motivo o 10º aniversario da declaración da Muralla como Patrimonio da Humanidade, cos deseños que se realicen durante as “Aulas Abertas”.



# centro de convivencia

Fingoi



## Servizos específicos:

- \*Axencia de lectura.
- \*Salón de actos con capacidade para 140 persoas con cabina de proxección de audiovisuais.
- \* Vestíbulo habilitado como sala de exposicións.
- \*Unha sala para actividades psicofísicas.
- \*Aula de seminarios con capacidade para 50 persoas.
- \*Dúas salas polivalentes para obradoiros e outras actividades, unha delas dedicada temporalmente a obradoiro de tear tradicional.
- \*Sala de vídeo con capacidade para 30 persoas.
- \*Cafetería

## Horario:

-De luns a venres:  
das 8.30 ás 14.30h  
das 16.00 ás 22.00h

-Sábados e domingos:  
das 09.30 ás 13.30h  
das 16.30 ás 21.30h

## Localización do centro:

R/ Aviación Española, 22-24  
Teléfonos: 982 25 15 36 / 982 29 74 55/6  
Fax: 982 25 13 52  
27002 LUGO



# ACHÉGATE Á BIBLIOTECA

Baixo este título, os nenos e nenas que acudan ás aulas abertas, poderán gozar de diversas actividades como Pintura de mandalas, Lecturas compartidas e o concurso Búscase mascota. Todas están pensadas desde e na Axencia de Lectura do centro e serán os venres.

# ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

## BIOXIMNASIA

Maiores de 60 anos

Luns e mércores, das 10:00 ás 11:00h

Do 5 ao 28 de xullo,

e do 1 ao 29 de setembro (17 horas)

6,80€





### Servizos específicos:

\*Dúas salas polivalentes para obradoiros e outras actividades, local de reunións, etc (Local social Díaz Castro)

\* Salón de actos polivalente para obradoiros, xogos, actividades e exposicións (Local social Díaz Castro)

\* Local social (R/ Trapero Pardo, 3-5)

### Horario:

-De luns a venres: das 8.30 ás 14.30h e das 16.00 ás 22.00h

-Sábados e domingos: das 09.30 ás 13.30h e das 16.30 ás 20.30h

Trapero Pardo, 3-5

Luns a venres das 10:00 ás 13:00h e das 16:30 ás 20:30

Sábados e domingos das 16.30 ás 20.30h

# centro de convivencia

## Lamas de Prado




### Localización do centro:

R/ Aquilino Iglesia Alvariño, 6 baixo

Teléfono: 982 29 74 50 - Fax: 982 29 74 51

R/ Díaz Castro, 6. Teléfono: 982 21 67 46

R/ Trapero Pardo, 3-5. Teléfono: 982 26 54 40  
27004 LUGO



# centro de convivencia

Maruja Mallo



## Servizos específicos:

- \*Centro de día
- \*Aulas formativas (2)
- \*Aulas polivalentes (4): lectura, xogos de mesa, música, cine, karaoke, ximnasia, etc.
- \*Ocioteca
- \*Sala de exposicións
- \*Salón de actos
- \*Biblioteca
- \*Traballadores/as sociais, Servizo de Prevención Drogodependencias

## Localización do centro:

R/ Carril das Hortas, s/n  
Teléfonos: 982 297 505  
27002 LUGO



## Horario:

- De luns a venres: das 8.30 ás 14.30h e das 16.00 ás 22.00h
- Sábados e domingos: das 09.30 ás 13.30h e das 16.30 ás 21.30h

# ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

## TANGO

Toda a poboación a partir dos 18 anos  
Luns e mércores, das 20:00 ás 21:00h  
Do 5 de xullo ao 30 de agosto (17 horas)  
6,80€



## "AULA ABERTA" PINTURA, TRABALLOS MANUAIS E DECORACIÓN

Toda a poboación a partir dos 18 anos  
Martes e xoves, das 11:00 ás 13:00h  
Xullo e agosto  
Cota gratuíta. Non precisa inscrición

“Aula Aberta de Pintura, Traballos Manuais e Decoración”: o centro Maruja Mallo cede nos días sinalados a aula a un máximo de 20 **persoas** para que dean continuidade aos seus traballos de pintura, traballos manuais, etc. Non é preciso inscribirse nin aboar cota. Nesta “Aula Aberta” non se contará coa presenza de monitora/monitor que guíe a actividade.

# centro de convivencia

A Milagrosa



## Servizos específicos:


- \*Salón de actos con capacidade para 100 persoas.
- \*Tres salas para obradoiros e actividades.
- \*Sala de xuntas.
- \*Sala de rehabilitación
- \*Salón de peiteado
- \*Cafetería: xogos de mesa e local de baile.
- \*Actividades especiais: cociña e español para estranxeiros.

## Horario:

- De luns a venres:  
das 8.30 ás 14.30h  
e das 16.00 ás 22.00h
- Sábados e domingos:  
das 09.30 ás 13.30h  
e das 16.30 ás 21.30h

## Localización do centro:

R/ Monte Faro, 10  
Teléfono: 982 297 410  
Fax: 982 297 411  
27003 LUGO



centro de  
convivencia

Sagrado Corazón



### Servizos específicos:


- \*Salón de actos con capacidade para 50 persoas e cabina de proxección de audiovisuais.
- \*Tres salas polivalentes para obradoiros, xogos e actividades.
- \*Local social (anexo ó centro de convivencia)

### Horario:

- De luns a venres:  
das 8.30 ás 14.30h e  
das 16.00 ás 22.00h
- Sábados e domingos:  
das 9.30 ás 13.30h e  
das 16.30 ás 20.30h

### Localización do centro:

R/ Sagrado Corazón, 27-29  
Teléfono: 982 280 325  
Fax: 982 225 001  
27002 LUGO



## INFORMÁTICA BÁSICA



Nenas/os de 7 a 13 anos

De luns a venres,  
das 10:30 ás 12:30 horas  
Do 5 ao 16 de xullo (20 horas)  
Cota: 8 €


## INFORMÁTICA BÁSICA



Persoas adultas de máis de 35 anos  
De luns a venres,  
das 12:30 ás 14:00 horas  
Do 5 ao 16 de xullo (15 horas)  
Cota: 6 €

# centro de convivencia

Uxío Novoneyra




**Localización do centro:**  
R/ Quiroga Ballesteros, 1. 2º andar  
Teléfono: 982 284 726  
Fax: 982 284 946  
27001 LUGO

## Servizos específicos:

- \*Sala de lectura
- \*Sala de xogos
- \*Salón de actos con capacidade para 104 persoas, ampliable a 160 persoas
- \*Sala de seminarios con capacidade para 50 persoas.
- \*Cinco salas para obradoiros e actividades.
- \*Oficina de información xuvenil (3º andar)
- \*Dúas salas de exposicións (1º andar)
- \*Cafetería

## Horario:

- De luns a venres:  
das 8.30 ás 14.30h e das 16.00 ás 22.00h
- Sábados e domingos:  
das 9.30 ás 13.30h e das 16.30 ás 21.30h



# ACTIVIDADE COMÚN A TODOS OS CENTROS DE CONVIVENCIA


## TAI CHI AO AIRE LIBRE

Actividade gratuíta, aberta a toda a poboación, sen necesidade de inscrición previa.  
Realizarase nos lugares e cos horarios seguintes:

**PRAZA DE AUGAS FÉRREAS:** mes de XULLO,  
os martes e xoves, das 10:00 ás 11:00 horas.

**PARQUE DO SAGRADO CORAZÓN:** meses de XULLO e AGOSTO,  
os martes e xoves, das 20:00 ás 21:00 horas.

**PARQUE DA MILAGROSA:** meses de XULLO e AGOSTO,  
os luns e os mércores, das 19:30 ás 20:30 horas.



# EXCURSIÓNS DE VERÁN

Dirixidas a toda a poboación. As nenas e os nenos menores de idade deberán ir acompañados dunha persoa adulta, quen será a súa responsable.

Terán un contido lúdico-cultural, polo tanto as visitas abrangerán estes dous aspectos na medida do posible.

As inscricións formalizaranse o luns, martes e mércores da semana inmediatamente anterior á súa realización, en horario das 09:00 ás 13:00 horas e das 17:00 ás 19:00 horas.

As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición. Non obstante, e coas persoas que excedan do número de prazas dispoñibles, elaborárase unha lista de reserva coa que se cubrirán, de ser o caso, as vacantes que se produzan.

O número máximo de prazas dispoñibles é de 49.

Rematado o período de inscrición, as persoas admitidas deberán facer o ingreso da cota (4 euros) na oficina da entidade financeira Caixa Galicia que figura no resgado do boletín de inscrición e achegar o xustificante de pagamento no centro, no prazo comprendido entre o mesmo día da inscrición e o hábil seguinte. De non achegar o xustificante nese prazo, a persoa admitida perde o dereito a participar na excursión.





Saída: ás 08:30 horas dende diante do centro organizador que corresponda (no caso do Centro Uxío Novoneyra, dende a parada de autobuses urbanos situada na rúa San Marcos, fronte á sede da Deputación Provincial de Lugo). O regreso cara á cidade efectuarase ás 19:00 horas.

Aquelas persoas que non estean á hora e no punto sinalado que previamente se lles comunique regresarán aos seus domicilios polos seus propios medios.

A cota de 4 euros comprende o importe do desprazamento en autobús de ida e volta á localidade de destino. O resto dos gastos (comidas, desprazamentos no lugar visitado, entradas a museos e outros lugares de interese turístico ou cultural, etc.) correrán por conta da persoa usuaria.

As excursións de verán realizaranse aos lugares e nas datas que figuran na táboa seguinte:

<b>Mércores, 7 xullo</b>	<b>Cedeira</b>	<b>Centro Fingoi</b>
<b>Mércores, 28 xullo</b>	<b>Vigo</b>	<b>Centro Sagrado Corazón</b>
<b>Mércores, 4 agosto</b>	<b>O Vicedo</b>	<b>Centro Uxío Novoneyra</b>
<b>Mércores, 11 agosto</b>	<b>Mondoñedo (mañá) Praia de Llas (tarde)</b>	<b>Centro Milagrosa</b>
<b>Mércores, 18 agosto</b>	<b>Viveiro</b>	<b>Centro Lamas de Prado</b>

# OUTRAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS DE CARÁCTER ABERTO

- Actividades de desenvolvemento comunitario en xeral.
- Outras actividades socioculturais e de lecer de carácter puntual.
- Conmemoración de datas sinaladas de sensibilización sociocultural.

O programa que desenvolverá cada unha destas actividades será publicado no seu momento.

Os centros municipais, ademais, poñen a dispor das asociacións ou grupos que o desexen os seus locais para o desenvolvemento de actividades socioculturais.

A Concellería de Deportes e Turismo ten asinado un convenio cos seguintes ximnasiaos da cidade de Lugo para a realización de actividades psicofísicas:

XIMNASIO DISOM: rúa do Camiño Real, 164, baixo

XIMNASIO FORMA: ronda da Muralla, 40, baixo

XIMNASIO GALAICO: rúa Chantada, 49-51

XIMNASIO LUCUS: rúa Río Chamoso, 1-3, baixo

XIMNASIO LUGO: rúa Mondoñedo, 33-40, baixo

XIMNASIO RITMO: rúa Rei Don García, 79, baixo





**Concello de Lugo**

Concellería de Cultura

# Concurso de Debuxo

*Desde a Concellería de Cultura convócase un concurso de debuxo entre os nenos e nenas participantes nos distintos obradoiros desta programación. Entregaráselles un carné de "Amigola de Verán na Muralla", numerado, que lles permitirá presentar unha obra a ese concurso, no que se outorgarán tres premios. Resolverase o último día de obradoiros do mes de agosto.*

*As bases do concurso atópanse na páxina do Concello:*

[www.lugo.es](http://www.lugo.es)





**Concello de Lugo**

Concellería de Deportes  
e Turismo

# Escolas Deportivas de veran 2010



## Escola de **Piragüismo**

**Xullo**  
**Agosto**  
**Setembro**  
*Club Fluvial*

## Escola de **Tiro con Arco**

**Xullo**  
**Agosto**  
**Setembro**



# Campus Deportivos de Verán

Infórmate en – no teléfono 982 206 340 – no enderezo electrónico: [deportes@concellodelugo.org](mailto:deportes@concellodelugo.org)

## Baloncesto Cidade de Lugo

22 ao 27 de xuño  
Polideportivo Municipal Casa do Deporte



## Patínaxe Club Hóckey Lugo

28 xuño ao 4 de xullo  
Polideportivo Municipal A Piringalla



## Fútbol S.C.D. Milagrosa

1ª semana 22 ao 27 de xuño  
2ª semana 28 xuño ao 2 de xullo



# Aprende **XOGANDO**



Trátase dun programa dirixido a procurar o desenvolvemento da personalidade das nenas e dos nenos a través do xogo e do xoguete, a fomentar a práctica do xogo en grupo, a axudar á integración dos menores con necesidades específicas mediante o xogo, á realización de actividades de animación infantil e, en definitiva, ao traballo tomando o xogo como eixe central de intervención.



## Onde se localiza?

Nave de Vías e Obras do parque da Milagrosa (37 prazas)

Centro de convivencia “Maruja Mallo” (37 prazas)

Centro de convivencia “Uxío Novoneyra” (25 prazas)




## Que horario ten?

O programa lévase a cabo durante todo o ano: en período lectivo das 16:00 ás 20:30 horas; e nas vacacións escolares tamén en horario de mañá, das 9:00 ás 14:00 horas.



## A quen vai dirixido?

Está pensado para nenas e nenos empadroados no concello de Lugo cunha idade entre 3 e 12 anos: teñen que ter cumpridos os 3 anos na data de inscrición, e poderán asistir ata o mes que cumbran os 12 anos.



### **Onde e cando se solicita inscrición?**

A inscrición solicitarase na Casa da Muller ente os días 20 e 26 do mes anterior á data de inicio no programa. O horario de oficina é de luns a xoves, das 10:00 ás 17:00 horas, e os venres das 9:00 ás 13:30 horas. Será preciso presentar o DNI do/da representante legal que asine a solicitude e o Libro de Familia, ou documentos equivalentes.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición, expoñeranse, na Casa da Muller e nas Aulas, as listaxes das nenas e nenos admitidas/os, así como o importe da cota para pagar.

### **Quen terá prioridade no acceso?**


1º. As fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero.

2º. As fillas e fillos de pais ou nais con cargas familiares non compartidas.

3º. As fillas e fillos de pais ou nais con persoas dependentes ao seu cargo.

3º. As fillas e fillos de nais e pais traballadoras/es ou que estean a formarse.

4º. As nenas e nenos empadroados na zona de influencia de cada unha das aulas do programa. (Podedes consultar os planos que se colocarán nelas e na Casa da Muller).



**QUE  
RESPONSABILIDADE  
SE ESIXE AOS  
PAIS E AS NAIS?**

**Puntualidade** na recollida dos/as menores, para que non pasen nas aulas máis tempo do debido.

Non traer os fillos ou fillas con malestar ou febre para **evitar contaxios** de enfermidade ao resto de nenas e nenos así como ás monitoras.

Que os/as pequenos/as leven algo para o **almorzo ou a merenda**.



## **Asistencia**

As nenas e nenos que acumulen 5 faltas de asistencia seguidas ou 8 non seguidas, sen xustificar, causarán baixa no programa, e non se reintegrará o importe da cota de inscrición.

O xustificante do pago da cota de inscrición entregárase na aula o primeiro día que vaia o neno ou a nena, pero sempre será antes do quinto día hábil do mes.

De existir baixas por renuncia ou por falta de ingreso da cota, procederáse a chamar as nenas e nenos das listas de reserva.

A falta de presentación do xustificante de pago implica a baixa no proceso de solicitude de praza. Do mesmo xeito, os pais ou nais daquelas nenas e nenos inscritas/os que vaian causar baixa terán a obriga de comunicalo antes do comezo do mes correspondente.



# Actividades previstas para o verán organizadas dende o Punto de Información Xuvenil e Comunitario. Programa +XTI. Lamas de Prado. Concellería de Benestar Social e Igualdade.

## *Reforzo educativo de educación secundaria*

Nº de prazas: 7

Persoas destinatarias: estudantes de educación secundaria que necesiten recuperar materias

Temporalización: meses de xullo e agosto.

3 días á semana polas mañás.

Lugar: Punto Xuvenil e Comunitario ou Centro Social Díaz Castro

## *Reforzo educativo de educación primaria*

Número de prazas: 10

Persoas destinatarias: rapaces e rapazas que cursen estudos primarios e que teñan deficiencias nalgún aspecto académico e social.

Temporalización: meses de xullo e agosto, das 17:00 ás 20:00 horas, de luns a venres.

Lugar: Punto Xuvenil e Comunitario

## *Reforzo educativo e promoción de adultos*

Número de prazas: 10

Persoas destinatarias: persoas maiores de idade que carezan dos elementos culturais suficientes para o seu desenvolvemento persoal. É dicir, persoas que necesiten reforzo académico para acadar os estudos obrigatorios, dificultades co idioma, orientación laboral...

Temporalización: meses de xullo e agosto, das 17:00 ás 20:00 horas, de luns a venres.

Lugar: Punto Xuvenil e Comunitario



máisportí

+XTI

2010

## *Alfabetización informática*

Número de prazas: 10  
Persoas destinatarias: toda a poboación.  
Temporalización: meses de xullo e agosto,  
Lugar: Telecentro da praza do Castiñeiro



## *Actividades ao aire libre na praza do Castiñeiro*

Xogos, dinámicas, xincanas, deportes...  
Nº de prazas: sen límite  
Persoas destinatarias: aberto a toda a poboación ata 18 anos.  
Temporalización: dende o 24 de agosto ata o 10 de setembro.  
De luns a venres, das 18:00 ás 20:00 horas  
Lugar: praza do Castiñeiro

## *II Curso de baile de verán. Star dance: a bailar!*

Nº de prazas: 20  
Persoas destinatarias: poboación entre 12 e 35 anos  
(preferentemente)  
Temporalización: durante o mes de xullo  
Luns e mércores das 19:00 ás 21:00 horas  
Inscripcións: 010



Máis información no Punto Xuvenil ou no 982.21.40.33 (entre as 17:00-20:00 horas)

# Benestar Social e Igualdade

## Centro de Convivencia FINGOI

R/ Aviación Española, 22-24

☎ 982 25 15 36 / 982 29 74 55/6

Fax: 982 25 13 52

## Centro de Convivencia LAMAS DE PRADO

R/ Aquilino Iglesia Alvariño, 6 baixo

☎ 982 29 74 50 - Fax: 982 29 74 51

R/ Díaz Castro, 6. ☎ 982 21 67 46

R/ Trapero Pardo, 3-5. ☎ 982 26 54 40

## Centro de Convivencia MILAGROSA

R/ Monte Faro, 10

☎ 982 297 410 - Fax: 982 297 411

## Centro de Convivencia SAGRADO CORAZÓN

R/ Sagrado Corazón, 27-29

☎ 982 28 03 25 - Fax: 982 22 50 01

## Centro de Convivencia UXÍO NOVONEYRA

R/ Quiroga Ballesteros, 1A, 2º andar

☎ 982 28 47 26 - Fax: 982 28 49 46

## Centro de Convivencia MARUJA MALLO

R/ Carril das Hortas, s/n

info  
info  
info



## Cultura

Casa consistorial | Praza Maior nº1

☎ 982 297 257

[cultura@concellodelugo.org](mailto:cultura@concellodelugo.org)

## Deportes e Turismo

Parque Municipal da Milagrosa

☎ 982 206 340

[deportes@concellodelugo.org](mailto:deportes@concellodelugo.org)

## Educación

Centro de Convivencia Uxío Novoneyra

R/ Quiroga Ballesteros, 3ª andar

☎ 982 284 815

## Servizos Xerais

Ronda da Muralla, 197

☎ 982 297 262



